

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

17043 *Orde TMA/1254/2020, do 8 de decembro, pola que se modifica a Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para a obtención dos títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.*

O artigo 4.6 de Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, establece que o Estado e as comunidades autónomas con infraestruturas ferroviarias da súa titularidade cooperarán para facilitar a conexión entre estas infraestruturas ferroviarias e a Rede ferroviaria de interese xeral, fomentando a interoperabilidade entre as diferentes redes.

Pola súa parte, o artigo 69.1 da mesma Lei 38/2015 dispón que o persoal que preste os seus servizos no ámbito ferroviario deberá contar coa cualificación suficiente que permita a prestación do servizo ferroviario coas debidas garantías de seguridade e de eficiencia. O número 2 do mesmo artigo establece que mediante orde do ministro de Fomento, por proposta da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria, e logo de audiencia dos sindicatos máis representativos do sector, dos administradores de infraestrutura e dos operadores do sector ferroviario, se regularán as condicións e requisitos para a obtención dos títulos habilitantes necesarios para o desempeño das funcións propias do persoal ferroviario, así como o réxime de autorización e funcionamento dos centros homologados de formación e de recoñecemento médico do dito persoal.

A regulación realizada pola dita orde traspón a Directiva 2007/59/CE, do 23 de outubro, sobre a certificación dos maquinistas de locomotoras, que exige que estes dispoñan dunha licenza que demostra que se cumpren os requisitos mínimos médicos, de formación mínima e de competencias profesionais emitida pola autoridade responsable de seguridade, e dun certificado emitido pola empresa ferroviaria relativo aos coñecementos sobre as liñas e o material.

A aplicación desta regulación xeral a aqueles maquinistas que, estando habilitados para circular polas redes ferroviarias de competencia autonómica, circulan en tramos limitados e de curta lonxitude nas conexións das ditas redes coa Rede ferroviaria de interese xeral pode xerar unha duplicidade de habilitacións que, na práctica, dificulta o obxectivo marcado no artigo 4.6 da Lei 38/2015 de fomentar a circulación entre ambas as redes.

O establecemento de normas particulares para puntos de conexión de diferentes redes é algo recoñecido na normativa para outros casos, como, por exemplo, as seccións fronteirizas entre dous Estados da Unión Europea.

Por isto, parece oportuno, de conformidade co previsto no artigo 69 da Lei 38/2015, establecer un réxime especial para os maquinistas que circulan exclusivamente nestes tramos de conexión entre redes.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para a obtención dos títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.*

Un. Engádesse unha nova disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo sexta. *Réxime aplicable a maquinistas que circulan exclusivamente por tramos de conexión entre a Rede ferroviaria de interese xeral e outras redes de competencia non estatal.*

1. Aqueles maquinistas que, acreditando previamente que dispoñen do correspondente título habilitante para a conducción de vehículos ferroviarios exixido na normativa autonómica para circular pola rede ferroviaria de competencia non estatal, vaian circular exclusivamente pola parte incluída na Rede ferroviaria de interese xeral dos tramos de conexión entre a dita rede e a rede non estatal deberán dispor:

a) Dunha licenza de maquinista das reguladas no artigo 31.

b) Dun certificado complementario de categoría B emitido conforme o réxime xeral regulado nesta orde, ou ben, na súa ausencia, dun certificado complementario de categoría B que habilitará exclusivamente para a circulación no dito tramo de conexión.

Este certificado de ámbito restrinxido poderá ser emitido pola empresa ferroviaria ou, se for o caso, polo administrador de infraestruturas, tras a acreditación dos requisitos do artigo 39 e de que se superou a formación relativa a:

i. Coñecementos básicos sobre a operación na Rede ferroviaria de interese xeral.

O itinerario formativo para esta parte de coñecementos será aprobado pola Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria, por proposta conxunta da entidade ferroviaria e do centro de formación homologado. Debe incluír os contidos que permitan asegurar que se coñece todo o necesario para operar en condicións normais ou degradadas no dito tramo concreto da Rede ferroviaria de interese xeral, de maneira análoga a un maquinista que se formase conforme o réxime xeral establecido no artigo 40.2.a), e será desenvolvido tendo en conta:

- As condicións de circulación do tramo de conexión.
- As regras operativas particulares que poidan terse establecido nos acordos entre os administradores de ambas as redes limítrofes.
- A análise das diferenzas operativas existentes entre ambas as redes.
- A formación previa de que poida dispor o maquinista para circular pola rede non estatal.

ii. Coñecementos específicos sobre a liña e os vehículos que vai operar, indicados no artigo 40.2.b).

iii. Coñecementos particulares en relación co sistema de xestión da seguridade da empresa operadora, tal e como se indica no artigo 40.2.c).

En todos os demais aspectos relativos á avaliación, convocatoria e organización dos exames necesarios para a obtención dun certificado complementario de ámbito restrinxido observarase o disposto no artigo 40.

2. A formación práctica requirida para a obtención dos coñecementos básicos sobre a operación indicados no punto i) anterior, necesarios para a emisión do certificado complementario de ámbito restrinxido, poderase impartir noutros tramos da Rede ferroviaria de interese xeral, logo de xustificación ante a Axencia Estatal de

Seguridade Ferroviaria pola entidade ferroviaria que pretende emitir o certificado e do centro de formación de que as súas características son similares en canto a bloqueos, sinalización e tipo de operación ás do tramo para o cal se quere obter o dito certificado restrinxido.

No caso da formación práctica sobre coñecementos específicos dos vehículos, tamén poderán empregarse percorridos en tramos da rede non estatal, logo de xustificación ante a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria por parte da entidade ferroviaria e do centro de formación homologado da súa similitude co tramo concreto da Rede ferroviaria de interese xeral para o que se vai obter o certificado restrinxido.

3. Os maquinistas que, dispoñendo dun certificado complementario de categoría B restrinxido a un tramo concreto de conexión, dos especificados no número 1 anterior, pretendan obter un certificado B de validez para toda a RFIX, deberán superar un curso conforme un programa formativo específico complementario.

Este programa específico será aprobado mediante resolución da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria con carácter previo ao seu inicio, por proposta dun centro de formación ou unha entidade ferroviaria.

O dito programa deseñarse, en función dos coñecementos previos acreditados no certificado B restrinxido, de maneira que permita asegurar o coñecemento das materias exixidas nesta orde para os certificados e, ao menos, o cumprimento das horas mínimas de formación do artigo 30.

4. Para os efectos do establecido nesta disposición, considéranse tramos de conexión da Rede ferroviaria de interese xeral con outras redes ferroviarias de competencia non estatal os seguintes:

a) Liña 02-206 Lleida Pireneos-PQ 1,927 (incluíndo as vías 4, 5, 6, 7 e 8 da estación de Lleida Pireneos, até os seus respectivos sinais de saída S1/4, S1/5, S1/6, S1/7 e S1/8, así como a vía de acceso aos talleres de Pla de Vilanoveta desde o desvío n.º 3).

b) Liña 08-780 Santander-Bilbao La Concordia, nas vías e instalacións comprendidas entre a dependencia de Irauregi (incluíndo a totalidade das súas vías até o sinal avanzado E'4 polo lado cara a Bilbao e, polo lado Santander, até o límite das manobras sobre o sinal M1) e pola dependencia de Basurto Hospital (incluíndo todas as súas vías até o sinal de entrada E4).»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 8 de decembro de 2020.—O ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, José Luis Ábalos Meco.